

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	A BAÑA
Edificio	Igrexa de Santa María de Ordoeste
Dirección	Ordoeste, 7. 15863
	42.94127736213441 -8.783510613196468
Protección	
Descrición	Igrexa construída en diferentes etapas pero no que destaca o estilo barroco e o neoclásico da torre do campanario. Dunha soa nave e co presbiterio destacado do resto do edificio na súa altura. Tellado a dúas augas e cuberta con tella do país. Fachada sinxela e carente de adornos onde se abre unha porta alintelada, con molduras nas xambas, e un gran van rectangular con cristais por enriba dela. No medio das dúas unha cruz de mármore, e rematando o cume unha cruz sinxela de pedra. Torre do campanario de tres corpos, acaroado á fachada, que arranca de base cadrada con pilastras e remata en cornixa saínte. O primeiro corpo leva catro columnas que compoñen catro ocos de arco de medio punto para poñer as campás. O segundo octogonal con catro ocos e o terceiro confórmao unha pequena cúpula rematada en pináculo de bóla. As esquinas do tellado van adornadas co mesmo elemento de decoración.
Campás	2 campás.
Fotos	1
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autores da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
Data	28-04-2021

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	Campá menor (2)	SERNA, JOSÉ FRANCISCO (SANTIAGO DE COMPOSTELA)	1820	50	72
Torre-campanario	Campá maior (1)	PALACIO, DÁMASO	1846	55	96

Información completa: [Igrexa de Santa María de Ordoeste - A BAÑA \(GALICIA\)](#)

